



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 805 Semana do 29 de outubro ao 4 de novembro de 2018

RECUPERAR O SUBSIDIO POR DESEMPREGO PARA MAIORES DE 52 ANOS BENEFICIARÍA A 372.000 PERSOAS

É un logro moi importante para UGT, que impediría condear a estas persoas a pensións mínimas

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores insiste na importancia de recuperar o subsidio por desemprego para persoas maiores de 52 anos de idade, que o Goberno do Partido Popular elevou a 55 anos, unha reivindicación que foi fundamental e ineludible para o sindicato. É unha proposta sindical de enorme importancia social que implicaría ademais derrogar as regresivas reformas de 2012 e 2013.

Esta medida está a abordarse xa no diálogo e favorecería non só a beneficiarios futuros senón tamén aos actuais, incluíndo as persoas desempregadas que perderan o dereito ao subsidio por desemprego debido aos recortes realizados polo anterior Goberno.

Mellora de dereitos

Para o sindicato, tan importante como a extensión dos beneficiarios e a ampliación da duración da prestación económica (ou mesmo máis), é a mellora dos dereitos de pensión para todas as persoas beneficiarias, xa que significa que as súas pensións serán máis elevadas que antes, durante os vinte ou trinta anos de percepción das mesmas.

Trátase de manter as prestacións dos desempregados máis desfavorecidos e, so-

bre todo, impedir que se vexan condenados a pensións mínimas para o resto da súa vida.

A restitución das condicións deste subsidio foi unha esixencia permanente dos sindicatos, xa que afecta a un dos grupos sociais máis golpeado pola crise, con maior risco de afundimento das súas condicións de vida (ausencia de ingresos, imposibilidade de volver ao emprego, e drástica caída dos dereitos de pensión e con iso, definitivamente, das súas condicións de vida) e que máis complicacións ten para atopar emprego.

Beneficiarios

Poderían acceder a este subsidio persoas que cumpran 52 anos de idade e estean inscritos de forma permanente como demandantes de emprego, cumprindo o resto dos requisitos esixidos (antes só podían acceder se cumprían a idade de 55 mentres percibían unha prestación ou subsidio por desemprego, se non era así quedaban expulsados).

O requisito de carencia de rendas referiríase só a rendas persoais (o PP elevouno a rendas familiares).



A duración do subsidio estenderase ata que a persoa beneficiaria alcance a idade ordinaria de xubilación (antes obrigábase á xubilación na primeira oportunidade que tivese acceso, é dicir, a unha xubilación anticipada e por tanto reducida).

A contía do subsidio non se reducirá, aínda que o último traballo fose a tempo parcial (antes reducíase a contía en proporción ás horas que se traballou).

Elévase a cotización ao 125% da Base Mínima de Cotización (antes só o 100% desa Base), que ademais se cotizará por un período maior debido, en primeiro lugar, á redución da idade de acceso aos 52 anos e, en segundo termo, á prolongación da duración do subsidio ata alcanzar a idade ordinaria de acceso á xubilación.

NEGOCIACIÓN COLECTIVA 2019: REPARTO DA RIQUEZA E IGUALDADE

Redacción.- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, manifestou que, en 2019, "os convenios colectivos deben avanzar para que os traballadores e traballadoras gañen poder adquisitivo e promover un salario mínimo de convenio de, polo menos, 1.000 euros mensuais en 2020", o que beneficiará sobre toda ás mulleres que son as que, en xeral, perciben soldos máis baixos.

Así mesmo, débese promover "a inclusión de cláusulas de garantía salarial, ante a desviación do IPC e doutras cláusulas de-

cisivas que melloren os contidos dos convenios".

Pino sinalou que hai que "reafirmarse nas reivindicacións sindicais", entre elas recuperar a prevalencia do convenio sectorial sobre o de empresa, o que permitirá unha mellora das condicións laborais, restablecer a ultraactividade dos convenios, acabar coa subcontratación abusiva das empresas e co uso fraudulento do contrato temporal e a tempo parcial.

Avanzar cara a igualdade

Outro dos obxectivos prioritarios do sindicato é a igualdade, acabar con todo tipo de discriminacións no traballo.

Neste sentido, o secretario de Política Sindical defendeu a inclusión de plans de igualdade nos convenios colectivos e de protocolos para facer fronte ao acoso sexual e por razón de xénero.

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

Así mesmo, lembrou a acción sindical de UGT nesta materia. Defendeu a necesidade de ampliar o permiso de paternidade a 5 semanas, para avanzar na corresponsabilidade entre homes e mulleres no cuidado de fillos, e lembrou, entre outras cousas, a campaña posta en marcha polo sindicato para que os traballadores poidan reclamar a devolución do IRPF que indebidamente se lles aplicou nas prestacións por maternidade por parte do Instituto Nacional de Seguridade Social.

O IV AENC nas empresas

Gonzalo Pino destacou que os convenios que puideron ter capacidade para incorporar os contidos do IV AENC, por asinarse con posterioridade, supoñen só o 15,83% do total dos pechados actualmente.

Afectan ao 9,21% dos traballadores e aplícanse no 9,81% das empresas.

Respecto á suba salarial media inicialmente pactada no conxunto de convenios para actuar este ano, ata setembro, é do 1,67% (a subida salarial dos convenios novos sitúase no 1,93%, fronte ao incremento do 1,56% dos convenios revisados).

Insistiu en que resulta “imprescindible” incorporar cláusulas de garantía salarial en todos os convenios para evitar posibles perdas de poder adquisitivo ante a escalada de prezos.

Así mesmo, apuntou a “posibilidade de reabrir convenios se se dan as premisas suficientes para iso e renegociar incrementos salariais máis acordos á situación real pola que atravesamos a empresa, pois tamén á alza pódense modificar”.

Un SMI de 1.000 euros ao mes en 2020

Pino valorou o Acordo sobre o Salario Mínimo Interprofesional alcanzado polo Goberno e Podemos porque mostra que “é viable cambiar de rumbo nas políticas económicas, sociais e laborais” e lembrou a proposta sindical que vai máis aló: “esiximos que o SMI alcance os 1.000 euros mensuais, en 2020, para que o seu peso sexa equivalente ao 60% do salario medio do país, tal e como recomenda a Carta Social Europea.

Neste sentido, rexeitou as mensaxes alarmistas da patronal e doutros organismos sobre a subida deste salario e lembrou que a situación económica agora é ben distinta á de hai 10 anos. Hoxe é o momento de modificar o marco, redistribuír a riqueza e recuperar dereitos apostando por unhas condicións de traballo e vida dignas para todos.

OS TRABALLADORES DE ALCOA CONTINUÁN EN LOITA

Este luns os traballadores protagonizaron sendas manifestacións na Coruña e na Mariña

Redacción.- Este mércores estaba previsto que comezase o período oficial de consultas cos sindicatos en Alcoa, tanto na súa planta da Coruña como na de Avilés, para aplicar un expediente de despido colectivo para os seus 686 traballadores, 369 en Galicia. Aínda que esta mesa non chegou a ser constituída porque os traballadores apelan á denuncia presentada en Holanda polos defectos de forma á hora de presentar o ERE.

Pero os traballadores non se rinden e van continuar loitando por un futuro laboral digno. Este luns, os traballadores da Coruña partiron cos seus uniformes de traballo da factoría en camiñata ata a delegación do Goberno. Na praza da Palloza uníronse familiares, amigos e cidadáns que quixeron darlle o seu apoio.

Esa mesma mañá na Mariña tamén tivo lugar outra manifestación dende a ponte da ría de San Cibrao ata o centro de Burela para reclamar un prezo xusto da enerxía e contra os peches da Coruña e Avilés. En Burela déronlle lectura a un manifesto que despois entregaron aos representantes dos distintos partidos políticos. No manifesto pedíase unha tarifa eléctrica que permita manter os postos de traballo da industria electrointensiva.

Son varias as fronteiras de loita e traballo que están a día de hoxe abertas. José Luís Combarro, presidente do comité europeo de empresas de Alcoa e representante de UGT na factoría da Mariña, explicou que o comité europeo denunciará á empresa ante a xustiza holandesa por anunciar o peche das plantas antes de comunicalo a este organismo, algo que non é preceptivo.

Dende UGT estase traballando tamén nesta fronte. A coordinadora de seccións sindicais de UGT FICA no grupo Alcoa reuniuse esta semana en Madrid para concretar as medidas xurídicas e sindicais. Primeiro, demándase que se retire o expediente por inxustificado; e que as administracións implicadas garantan a continuidade porque, unha vez que se paralice a produción, está será irrecuperable.

En última instancia e se persiste a cerrazón da empresa, FICA avoga porque se poida optar pola suspensión do ERE, incluso coa intervención pública, ata que se negocie a adquisición de ambas plantas por parte dun comprador privado.

UGT FICA reuniuse este mércores cos grupos parlamentarios do PSOE, Unidos Podemos, Ciudadanos e PP para recabar o seu apoio e evitar o peche das plantas de Alcoa.

UGT FICA pediu ademais aos grupos parlamentarios que, xunto ao resto de or-



ganizacións políticas, industriais e enerxéticas do país, modifiquen o regulamento de expedientes de regulación de emprego para que as distintas administracións públicas poidan intervenir nos expedientes, vía Inspección de Traballo, e impedir que empresas como Alcoa poidan presentar expedientes sen causas que os xustifiquen. Este cambio suporía modificar a reforma laboral do PP, grupo ao que se lle trasladou esta necesidade.

OS TRABALLADORES DE LEFTIES COBRAN MENOS CON MÁIS CARGA DE TRABALO

Redacción.- As traballadoras e os traballadores de Lefties no centro comercial Marineda da Coruña pararon, dun xeito totalitario, durante dúas horas en ambas quendas de traballo. Pola mañá, de 11 a 12 e pola tarde de 17 a 18.

Denuncian a situación que se está a vivir na súa empresa, que se traslada tamén ao centro comercial de Canceles en Santiago e Odeón en Ferrol. Os traballadores cada vez gañan menos, no mes de outubro de 2017 un traballador gañaba 100 euros máis que no mes de outubro de 2018, cando, concretamente no Marineda, levan varios días superando os obxectivos de vendas marcados pola compañía do grupo Inditex. Isto sucede porque contabilízanse para o reparto das comisións o número de horas de toda a plantilla, incluídas as contratacións a través de empresas de traballo temporal, aínda que o reparto destas

comisións non se lle dá ás ETT's, é dicir, a empresa quédase con estas cantidades.

Por outro lado, hai moitas horas adicionais a cambios na tenda e recepción de mercaderías que non se poden adicar a venda pero que repercuten nas retribucións dos traballadores diminuíndoas.

Ante a convocatoria de mobilizacións, a empresa reuniuse co Sindicato o pasado día 25 e aceptou as propostas de UGT no



relativo á mellor organización do traballo pero non achegaron solucións no eido retributivo.

Por todo isto, as traballadoras e os traballadores decidiron continuar co calendario de mobilizacións previsto.

UGT-GALICIA PARTICIPOU NA XORNADA “A SEGURIDADE VIARIA NA EMPRESA”

Redacción.- UGT-Galicia participou este martes na xornada "A seguridade viaria na empresa. IX Encontro de boas prácticas", que ten como obxectivo informar sobre a importancia que ten a prevención dos accidentes de tráfico laborais e de como poñer en marcha plans preventivos de seguridade viaria para, desde xeito, reducir o número de accidentes de tráfico no traballo.

O evento, que contou co apoio da Xunta, estivo organizado pola Fundación para a Seguridade Viaria (Fesvial) e tamén contou coa colaboración da Dirección Xeral de Tráfico

(DXT), o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST) e a Fundación CNAE.

Na xornada interviñeron representantes dos eidos das administracións, empresarial e sindical. Concretamente, UGT-Galicia participou na mesa "A visión da Prevención de Riscos Laborais Viais dos Axentes Sociais".



NOVA MOBILIZACIÓN CONTRA A PRECARIIDADE NO SERVIZO CONTRA INCENDIOS

Redacción.- Este mércores os traballadores do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais concentráronse fronte á sede da Xunta, cadrando co cesamento de 436 traballadoras e traballadores fixos-descontínuos.

FeSP-UGT denuncia a precariedade laboral no Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF); a problemática dos fixos-descontínuos de 3 a 9 meses; un 65 por cento dos traballadores son temporais; demandan que o cen por cento do servizo teña un carácter público; e a recuperación dos dereitos

laborais suspendidos nos peores anos da crise.

O modelo da Xunta de Galicia para a prevención de incendios forestais é "obsoleto" e atópase nunha situación de total abandono. A isto se lle suma o interese privatizador por parte da Xunta.

As protestas repetiránse o vindeiro 30 de novembro cando rematen os contratos dos 610 empregados e empregadas do operativo con-



tratado por nove meses. En total, máis de mil efectivos despedidos no intervalo dun mes.

16 SEMANAS DE PERMISO PARA PAIS EMPREGADOS PÚBLICOS

Redacción.- A Federación de Emplegadas e Emplegados dos Servizos Públicos (FeSP) de UGT manifestou a súa satisfacción polos acordos que se asinaron entre o Goberno, UGT e o resto de sindicatos presentes na Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado para a equiparación dos permisos de paternidade e maternidade e para trasladar á Administración Xeral do Estado as medidas de conciliación que contiña o II Acordo para a Mellora do Emprego Público e as Condições de Traballo.

O primeiro acordo expón a necesidade de equiparar a duración do permiso de paternidade aos permisos por parto ou adopción para avanzar en políticas e medidas en prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, conciliación e corresponsabilidade. A desigualdade de xénero na asunción das responsabilidades familiares, así como domésticas, de homes e mulleres na nosa sociedade é aínda unha realidade debido a factores culturais e de organización social. As administracións públicas non son alleas a esta realidade, polo que neste marco, e no ámbito da Administración Xeral do Estado, é clave abordar a corresponsabilidade, isto é, a responsabilidade compartida no fogar, para fomentar unha cultura onde o coidado dos menores, maiores e outras persoas dependentes e a realización de actividades domésticas asúmase de maneira equilibrada e independentemente do xénero.

Vitoria Carrero, responsable do Sindicato de Xustiza de UGT, cualificou os dous acordos como a conquista dunha reivindicación historia de UGT. "Estes acordos implican importantes avances na conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Permitirán máis corresponsabilidade e máis igualdade entre os empregados públicos da



AXE, para lograr erradicar as brechas de xénero. Pola súa banda, Carlos Álvarez, secretario federal de AXE afirmou que "o Goberno, no seu papel de empregador, é un referente para o resto de actores económicos. Durante a crise as empregadas e empregados públicos fomos os primeiros en sufrir os recortes que despois se trasladaron ao resto da cidadanía, agora tócanos converternos nun exemplo de igualdade".

Claves do permiso de paternidade

As catro primeiras semanas de permiso serán ininterrompidas e gozaranse despois da data do parto, a adopción ou a acollida. As doce semanas restantes serán non simultáneas, senón anteriores ou sucesivas, e ininterrompidas, ás semanas sete a dezaseis do permiso por parto.

O acordo contempla implementar a medida de maneira progresiva ata 2021

En 2019: O permiso será de oito semanas, con catro semanas inmediatamente posteriores á data de parto, garda, adopción ou acollida, e catro semanas gozadas de forma ininterrompida, anteriores

ou sucesivas ao descanso do outro proxenitor.

En 2020: Permiso de doce semanas, con catro semanas inmediatamente posteriores á data de parto, adopción ou acollida, e oito semanas gozadas de forma ininterrompida, anteriores ou sucesivas ao descanso do outro proxenitor.

En 2021: Permiso de dezaseis semanas, con catro semanas inmediatamente posteriores á data de parto, adopción ou acollida e doce semanas gozadas de forma ininterrompida, anteriores ou sucesivas ao descanso do outro proxenitor.

Tamén se logrou un segundo acordo que regulará a aplicación en AXE dunha bolsa de horas recuperables que os traballadores poderán utilizar para conciliar a súa vida laboral e familiar. Esta bolsa, dun 5% da xornada anual, caracterizarase pola flexibilidade no uso e unha declaración responsable da empregada ou o empregado público para a súa xustificación. Aplicarase aos casos de coidados de fillos ou fillas menores de idade e para a atención de persoas maiores e persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

As dúas primeiras sentenzas dos vixiantes da Fábrica de Armas dan a razón a FeSMC e declaran improcedentes os despedimentos

Redacción.- As dúas primeiras sentenzas dos vixiantes da Fábrica de Armas da Coruña dan a razón a FeSMC-UGT e cualifican como improcedentes os despedimentos, condeando a Tepol Seguridad a optar ben pola readmisión e abono dos salarios de tramitación ou ben ao abono da indemnización correspondente a un despedimento improcedente, 45 días por ano ata o 2012 e 33 a partir desta data.

O Xulgado número 6 da Coruña consi-

dera que as causas que alega a empresa non teñen a natureza económica que esixe o artigo 51 do Estatuto dos Traballadores.

Ademais, a sentenza estima como feitos probados os reiterados impagos de Hércules de Armamento á concesionaria de seguridade, así como, que Tepol Seguridad xa presentou unha petición inicial de proceso monitorio fronte a Hércules por un importe de máis de 200.000 euros.

A día de hoxe aínda se están cobrando as débedas da anterior concesionaria e Tepol debe os meses de abril, maio e xuño, así como, a liquidación a un número importante de traballadores.

FeSMC tamén aclara que no seu momento presentou denuncias ante diversos organismos, Ministerio, Subdelegación, Inspección, Garda Civil e Policía Nacional, pola falta de seguridade na Fábrica de Armas e aínda non se ten noticia da resolución das mesmas.

CONEXIÓN DIXITAL NAS AULAS: NECESITA MELLORAR

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores denuncia que a situación das infraestruturas de conexión a Internet dos centros educativos españois roza a vergoña, alcanzando cotas inadmisibles para un país avanzado. Segundo os indicadores internacionais, a calidade da conexión a Internet das nosas escolas está entre as peores do mundo. Por exemplo, o Networked Readiness Index, elaborado polo Foro Económico Mundial, sitúa a España no posto 67 do mundo, entre Ruanda e Armenia, mentres o último estudo publicado por Europa (Survey of Schools: ICT in Education) afirma que estamos á cola en estudantes conectados a Internet, cunha velocidade media que non supera os 10 Mbps, cando a media nos nosos fogares supera os 75 Mbps de velocidade.

A mala xestión do Goberno do PP acentuou, máis se cabe, esta situación. O seu plan de “Escolas Conectadas” resultou, na práctica, un auténtico fracaso. Xurdido como acompañamento á Lei Xeral de Telecomunicacións de 2014, non comeza a súa andaina real ata finais de 2015, atrasando as primeiras licitacións a 2016, para alcanzar só sete comunidades autónomas no devandito exercicio.

Tras un 2017 en absoluta parálise, sen conceder máis axudas, o orzamento de 2018 trouxo consigo un severo recorte ao orzamento inicial do plan: un 34% menos, deixando á maioría das CCAA sen poder acollerse a este plan. No medio, disputas



incomprensibles entre o extinto Ministerio de Axenda Dixital e as CCAA, que acabou mirando gravemente a cohesión territorial, ata o punto de crear unha auténtica fenda dixital entre estudantes dunha ou outra zona do país.

Tampouco o actual Goberno do PSOE está a revertir esta lamentable xestión política. Nin reactivou o programa nin foi capaz de xestionar o orzamento para dotar aos nosos centros educativos da imprescindible e fundamental conexión funcional a Internet. As licitacións eternízanse mentres o futuro da nosa economía, os nosos mozos, seguen sen dispoñer das infraestruturas necesarias para alcanzar a súa plena formación. E cando falamos de educación, un ano sen avances e sen recursos suficientes, é un ano perdido para a nosa mocidade e para a nosa economía.

Acabar con esta problemática

A Unión Xeral de Traballadores esixe que esta parálise sexa emendada de forma inmediata. É inadmisibile que o lugar de residencia determine o acceso a unha adecuada infraestrutura dixital nos centros educativos. Tal diferenza afecta o desenvolvemento educativo dos nosos mozos, xerando diferenzas que afectarán negativamente á súa formación académica, determinado de forma moi importante o seu futuro laboral.

UGT considera que o actual Goberno debe poñer entre as súas principais prioridades a reactivación inmediata deste Plan, dotándoo de recursos orzamentarios suficientes. É perentorio e urxente pechar esta fenda dixital, que afecta tan negativamente a un aspecto fundamental do noso estado do benestar: a calidade da nosa educación.

A VICTORIA DE BOLSONARO, UN CLARO RETROCESO PARA A DEMOCRACIA E OS TRABALLADORES

Redacción.- Para UGT, esta vitoria, resultado dun proceso democrático, non é senón a culminación dunha nada democrática estratexia de sectores políticos, económicos, eclesiásticos, mediáticos e militares para impedir que o Partido dos Traballadores (PT) volvese gobernar no xigante americano. A planificada campaña da oligarquía brasileira —e de importantes grupos económicos internacionais— comezou co golpe parlamentario á expresidenta do PT, Dilma Rousseff, e continuou coa infame persecución e condena xudicial a Lula da Silva ao que todas as enquisas situaban como gañador nestes comicios.

A Unión Xeral de Traballadores entende así que a vitoria do fascismo nas urnas non é senón o resultado dunha acción antidemocrática dos poderes ultra en Brasil.

A consagración democrática deste proceso na chamada “cuarta democracia do mundo” sitúa a Brasil ante un panorama francamente perigoso: por unha banda, Bolsonaro, que non só conta con antecedentes antidemocráticos e violentos, senón que fixo destes a base do seu discurso e programa electorais, e por outro, o outrora respetabilísimo sistema xudicial brasileiro, evidenciando a inxerencia de poderes políticos e económicos no seu funcionamento. Se a prisión decretada contra



Lula nun xuízo que, como denunciaron UGT e numerosas organizacións internacionais, é a constatación desta última, a réplica nas rúas do programa de acción de Bolsonaro, a caza ao disidente, xa se plasmou en gravísimos casos de discriminación, mesmo de asasinatos.

CAMBIAR O MODELO PRODUTIVO E MELLORAR A CALIDADE DO EMPREGO

Redacción.- Os datos do avance da Contabilidade Nacional do terceiro trimestre do ano mostran que o crecemento económico mantívose nese período. Segundo o INE, o PIB creceu un 0,6% respecto ao trimestre anterior e un 2,5% en termos anuais, idénticas cifras que no segundo trimestre. Con iso fréase a senda de desaceleración que viña constatando desde o primeiro trimestre do ano, cando a actividade crecía a un ritmo do 3,1%, o que supón unha boa noticia.

A continuidade do ciclo expansivo que vivimos desde 2014 é imprescindible para que a nosa economía apuntale unhas bases máis sólidas e equilibradas de desenvolvemento, cunha maior atención á calidade de vida das persoas, á vez que se corríxen os desequilibrios fiscais que aínda mantemos. É o momento de acometer as políticas de calado que sitúen ao noso país na nova dimensión produtiva e económica que esixen os novos tempos e que reclama a cidadanía, farta dunhas políticas de austeridade que só provocaron empobrecemento.

Neste sentido, UGT sinala que os datos do avance do PIB son positivos, debido a que reflicten que o noso país mantén un notable ritmo de crecemento económico, oito décimas por encima da media da zona euro (1,9%). Con todo, existen datos preocupantes, que deben servir para deseñar as actuacións correctas.

Datos positivos e negativos

Desde o punto de vista da oferta, o crecemento total mantense grazas á achega da construción (que mantén un elevado ritmo de aumento do 7,2% anual) e os servizos (que aumentan do 2,3% ao 2,6%). Con todo, é moi preocupante o desplome do crecemento das ramas industriais, que pasaron de crecer o 4,9% no cuarto trimestre de 2017 a tan só o 1,3% no terceiro deste ano. A industria é o sector que achega unha maior solidez produtiva a un país e o que xera o emprego de maior calidade. Por iso, é preciso implementar un Plan Estratéxico para a Industria no noso país, que permita elevar a súa achega ao 20% do PIB (agora é do 16%).

Polo lado da demanda, o resultado mostra importantes puntos escuros. Aínda que o aumento do PIB mantense, empeoraron os seus compoñentes fundamentais. O consumo das familias volve moderarse (do 2,3% ao 2,1%), o investimento, aínda que crece a bo ritmo, perde algo de forza (do 7,7% ao 6,3%) e aínda que o saldo exterior mellora (achega globalmente tres décimas máis ao PIB, as que perde a demanda interna), faino rexistrando unha desaceleración tanto das exportacións (do 2,3% a tan só o 0,4%) como das importacións, aínda que a destas últimas é máis intensa (do 5,2% ao 2%).

O emprego (medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo) mantén a súa taxa de aumento no 2,5%, e a remuneración por asalariado aumenta do 0,7% ao 1,1%, un avance positivo, pero que non evita que os traballadores e as

traballadoras sigan perdendo poder de compra (o IPC medio do ano sitúase no 1,8%), un resultado inaceptable para unha economía en plena expansión desde fai catro anos.

Un modelo produtivo equilibrado e sustentable

En conxunto, para UGT os datos ofrecen luces e sombras. É positivo que se mantéña o ritmo de crecemento do PIB e de creación de emprego, así como a suave mellora das rendas salariais, que contribuirán a soste o consumo das familias e mellorar a distribución da renda, reducindo as desigualdades e as bolsas de pobreza. Pero reflíctese un crecemento demasiado dependente dalgúns sectores (construción, turismo) e con escaso peso industrial, unha competitividade exterior moi centrada na continua rebaixa de custos laborais (que está esgotada e non pode repetirse) e un emprego creado que é esencialmente precario (de aí o nulo aumento da produtividade por traballador que se rexistra, que no caso da produtividade-hora é mesmo negativo, -0,4%).

Por todo iso, o sindicato considera que a continuación da fase expansiva debe aproveitarse para implementar as políticas adecuadas que favorezan a construción dun novo modelo de crecemento, máis equilibrado e sustentable, que aposte polos sectores e actividades que máis valor engadido e emprego de calidade xeran.

UGT, PREMIO “AQUÍ EUROPA” DO GRUPO VOCENTO

Redacción.- O xurado dos premios “Aquí Europa” do Grupo Vocento acordou distinguir ao sindicato Unión Xeral de Traballadores (UGT) polos seus 130 anos de actividade e a súa contribución ao diálogo social europeo.

O pasado 25 de setembro o xurado fallou aos gañadores e o próximo día 26 de novembro, e como foi tradición durante os últimos dous anos, celebraranse na Casa da Historia Europea os Premios “Aquí Europa – Vocento”. Este curso é especial ao ser os últimos que se celebran na actual lexislatura antes de que o próximo mes de maio de 2019 celébranse as eleccións europeas.

Este xurado está composto por don Ramón Luís Valcárcel, vicepresidente do Par-



lamento Europeo e presidente do Xurado; don Ramón Jaúregui, presidente da Asemblea Eurolat; don José Miguel Luengo, delegado do Goberno de Canarias en Bruxelas; don Miguel Verzbolovskis, embaixador da República de Panamá en Bruxelas; don Jaume Duch, director xeral

de Comunicación e portavoz do Parlamento Europeo; don Óscar Campillo, director de Relacións Institucionais e de Comunicación de Vocento; don Jesús González, director de Aquí Europa; e don Yago González, director xeral Presto-media Grupo.